



v. 09.03.2021

Proxecto de ORDE do xx de xxxxx de 2021, pola que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2020, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2021.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de marzo de 2012, establece, no seu artigo 43.1, segundo a redacción dada a este precepto pola modificación do dito decreto aprobada no Decreto 148/2014, do 6 de novembro, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 228, do 27 de novembro de 2014, que unha vez finalizado o correspondente exercicio orzamentario e, en todo caso, co día límite do 31 de marzo do exercicio inmediatamente posterior, todas as corporacións locais financiadas consonte ao dito decreto deberán presentar ante o órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, con atribucións en materia de servizos sociais comunitarios, a xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais así como o proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano en curso. A esta data límite do 31 de marzo tamén fai referencia o artigo 58.6 do dito Decreto 99/2012, do 16 de marzo, na redacción dada polo antedito Decreto 148/2014, do 6 de novembro, para a presentación, de maneira integrada coa documentación correspondente á xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais, da certificación do órgano competente da corporación local acreditativa do gasto realizado para o desenvolvemento do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia, e demais datos que se lle requiran en relación coa xestión deste servizo.



Debido á necesidade de actualizar a aplicación informática a través da cal todas as corporacións locais teñen que elaborar necesariamente os formularios para a xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2020, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2021, mediante o cal as corporacións locais solicitan o financiamento para a prestación dos servizos sociais comunitarios da súa competencia, por mor dun pequeno atraso no proceso de actualización da dita aplicación que está a dificultar a súa completa dispoñibilidade coa antelación suficiente para a cobertura dos datos indicados no prazo establecido, cómpre abordar a ampliación do dito prazo mediante a tramitación da presente orde.

En consecuencia, de conformidade coa disposición derradeira segunda do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que faculta á persoa titular da consellería competente no sistema galego de servizos sociais para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do dito decreto e, en concreto, para o desenvolvemento mediante unha orde dos aspectos procesuais relativos ao financiamento dos servizos sociais comunitarios das corporacións locais, e no uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, desenvolvida polo Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social,



RESOLVO:

Artigo único. *Ampliación do prazo*

Ampliar o prazo para a presentación da xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2020, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2021, ata o día 30 de abril de 2021, incluído.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente disposición entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,

A conselleira de Política Social

Fabiola García Martínez